

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

17041 *Real decreto 1438/2010, do 5 de novembro, sobre misións de carácter militar que se poden encomendar á Garda Civil.*

O artigo 23 da Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional, establece que a Garda Civil é un instituto armado de natureza militar, dependente do ministro do Interior no desempeño das funcións que lle atribúe a Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, e do ministro de Defensa no cumprimento das misións de carácter militar que se lle encomenden.

As funcións e cometidos que corresponden á Garda Civil como corpo de seguridade do Estado, en cuxo exercicio centra a súa actuación e para os que se encontra especialmente organizada, equipada e instruída, foron obxecto de regulación na xa citada Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo.

Respecto ás misións de carácter militar referidas, o artigo 24 da Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, preceptúa que o Goberno procederá á súa regulación mediante real decreto, e sinala ademais a obriga de aplicar as condicións e o réxime de consulta previstos na dita norma legal ás que se realicen no exterior.

Cómpre, en cumprimento do mandato legal enunciado, que se reitera na disposición derradeira terceira da Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, do réxime disciplinario da Garda Civil, determinar as misións de carácter militar que, de acordo coa súa natureza militar e atendendo ás súas capacidades, se poden encomendar á Garda Civil, para a súa execución en espazos de soberanía nacional ou no exterior.

A determinación das misións de carácter militar e a consecuente dependencia do ministro de Defensa dos membros da Garda Civil que as desenvolvan deben gardar a debida concordancia coas referencias específicas que sobre estas se conteñan tanto na referida Lei orgánica 12/2007, como na Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil.

Cabe, finalmente, indicar que este real decreto non pretende regular as actividades de colaboración da Garda Civil co Ministerio de Defensa e cos organismos que o integran, e que veñen desenvolvéndose habitualmente no marco das funcións que se lle encomendan na referida Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente primeiro e ministro do Interior e da ministra de Defensa, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de novembro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular as misións de carácter militar que se poderán encomendar á Garda Civil.

Artigo 2. *Concepto.*

Son misións de carácter militar que se poden encomendar á Garda Civil as que o dito corpo, pola súa natureza militar e preparación policial, é capaz de desempeñar mediante a integración de membros da Garda Civil ou de unidades do corpo en estruturas militares das Forzas Armadas españolas e, excepcionalmente, nas dunha organización internacional.

Artigo 3. *Misións.*

As misións de carácter militar que se poderán encomendar á Garda Civil son as seguintes:

a) Participar no planeamento, na preparación e na execución de operacións militares desenvolvidas polas Forzas Armadas españolas ou multinacionais, mediante o desempeño das funcións seguintes:

- 1.º Policía militar, incluíndo as especialidades policiais precisas.
- 2.º Vixilancia e defensa militares.
- 3.º Aqueloutras actuacións que se lle atribúan no marco das operacións militares desenvolvidas por forzas armadas españolas ou multinacionais.

b) Participar, de forma integrada, en actividades desenvolvidas por unidades, centros e organismos militares dependentes do ministro de Defensa, así como polos órganos xudiciais militares e fiscais xurídico-militares, mediante o desempeño das funcións seguintes:

- 1.º Policía xudicial no ámbito da xurisdición militar.
- 2.º Enlace, apoio e coordinación.
- 3.º Intelixencia, contraintelixencia e seguridade.
- 4.º Ensino militar.

c) Participar naquelas actividades de análoga natureza que determine o Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa.

Artigo 4. *Competencia e requisitos para a encomenda de misións de carácter militar á Garda Civil.*

1. As misións citadas no artigo anterior serán encomendadas á Garda Civil polo ministro de Defensa, logo de consulta co ministro do Interior.

2. A xeración do contingente da Garda Civil necesario para o cumprimento das misións de carácter militar que se lle encomenden será acordado conxuntamente polos ministerios de Defensa e Interior.

3. Para encomendar as misións que se teñan que desenvolver no exterior, deberánse cumprir as condicións establecidas no artigo 19 da Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional, así como o réxime de consultas previsto no artigo 17 do citado texto legal.

4. No cumprimento das misións de carácter militar encomendadas, a Garda Civil dependerá do ministro de Defensa. Cando estas misións teñan carácter operativo, esta dependencia farase efectiva a través do xefe de Estado Maior da Defensa e rexerese polas normas reguladoras da estrutura operativa das Forzas Armadas.

Artigo 5. *Condicións xerais de execución das misións.*

1. O desempeño das misións de carácter militar por parte do persoal da Garda Civil non suporá a perda da dependencia orgánica respecto da súa dirección xeral.

2. No cumprimento das referidas misións, os gardas civís terán a consideración de forza armada, sen prexuízo da súa condición de axentes da autoridade, e quedarán sometidos ao disposto nas normas penais, disciplinarias, e de dereitos e deberes das Forzas Armadas.

3. Cando as misións de carácter militar encomendadas supoñan a participación en operacións e exercicios, as unidades e os membros da Garda Civil tamén quedarán suxeitos ao estatuto da forza da que formen parte.

4. O cumprimento das misións a que se refire este real decreto levarase a cabo co armamento, material e equipamento de dotación propios do corpo da Garda Civil, salvo se non dispuxer de medios suficientes ou razóns operativas recomendasen outra solución,

caso en que será proporcionado polo Ministerio de Defensa ou adquirido especificamente.

Disposición adicional única. *Misións en tempo de conflito bélico ou durante o estado de sitio.*

1. En tempo de conflito bélico ou durante o estado de sitio, as misións que lle puidesen corresponder ao corpo da Garda Civil serán ordenadas polo ministro de Defensa nos termos que determine o presidente do Goberno, de acordo co artigo 33 da Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, que regula os estados de alarma, excepción e sitio, e co artigo 25 da Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional.

2. Así mesmo, en tales supostos as actuacións da Garda Civil serán coordinadas polo Consello de Defensa Nacional nos termos previstos no artigo 25 da Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro.

Disposición transitoria única. *Adecuación das actuais misións.*

As misións que no momento da entrada en vigor deste real decreto estean sendo desenvolvidas pola Garda Civil consideraranse misións de carácter militar se reúnen as características do concepto expresado no artigo 2 e se se poden identificar con algunha das determinadas no artigo 3.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre defensa e Forzas Armadas.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltanse o vicepresidente primeiro e ministro do Interior e a ministra de Defensa para propor conxuntamente ou dítar de forma individual, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de novembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO